

A narrativa galega no remate do século XX (1975-2000): intento de sistematización

MANUEL RODRÍGUEZ ALONSO

(UNED)

1. A CONSOLIDACIÓN DA NARRATIVA GALEGA NO REMATE DOS SETENTA

En 1975 prodúcese a morte do xeneral Franco. Pero este ano celébrase tamén o 25 aniversario da fundación da editorial Galaxia, editorial que foi fundamental na recuperación da lingua e literatura galegas. Co gallo deste vinte e cinco aniversario a editorial Galaxia convoca un concurso de novela que será gañado por *Xoguetes pra un tempo prohibido* (1975), de Carlos Casares (1941-2003). Este premio outorgado a Casares supón realmente un recoñecemento do papel renovador que tiveran os membros da chamada *Nova narrativa*, que se viña desenvolvendo desde mediados dos cincuenta. Tamén participa neste concurso, aínda que non será premiado, Méndez Ferrín (1980), coa novela *Antón e os inocentes* (1976). Xa que logo o citado concurso e especialmente a concesión de premio citado, ao abeiro da celebración do vinte e cinco aniversario de Galaxia, anunciaban unha nova etapa para a narrativa galega, xa que tras o franquismo a literatura galega entraba nunha época de certa normalización, como mesmo amosaba a convocatoria e celebracións do citado vinte e cinco aniversario de Galaxia. Ademais, tras a Constitución de 1978 e grazas ao chamado Decreto de bilingüismo (1979) a lingua e literatura galegas entraban no currículo oficial dos estudos non universitarios.

As novelas galegas máis características desta segunda metade dos setenta presentan unhas características que ademais as conectan co espírito da tradición da prosa narrativa moderna da xeración Nós: innovación formal, pero sen que iso supoña esquecemento dos problemas sociais e culturais de Galicia, como se pode ver se examinamos con algo de vagar as novelas que caracterizan a segunda metade da década dos setenta.

A citada *Xoguetes pra un tempo prohibido* (1975) de Carlos Casares presenta unha técnica de redución temporal e desenvólvese a través do monólogo do seu protagonista, Elías, que reconstrúe, tras un accidente que o pon fronte á morte, os seus anos de adolescencia e xuventude, especialmente a súa etapa de estudante universitario no Santiago dos anos sesenta, co que en certa medida é a novela dos mozos contestarios universitarios da década dos sesenta.

Méndez Ferrín en *Antón e os iñocentes* (1976) mestura a historia amorosa dos protagonistas coa reivindicación nacionalista galegas e o relato transcorre entre o Vigo dos anos cincuenta e sesenta e o Vietnam en loita contra o colonialismo francés.

A finais dos setenta dáse a coñecer un novelista que publica un dos textos narrativos fundamentais da década: Anxo Rei Ballesteros (1952). Rei Ballesteros tenta reconstruír a vida monótona dos estudantes universitarios do Santiago de comezos dos anos setenta na súa ambiciosa novela *Dos anxos e dos mortos* (1977); a novela sobresa pola utilización das innovacións técnicas características da novela do século XX e sinalouse, por iso, a súa importancia na renovación formal da novela galega de remate do século XX.

Outro membro da chamada Nova narrativa, xa citada, x. Fernández Ferreiro (1931) tenta por estes anos crear unha narrativa popular en galego e ata de quiosco e, neste senso, hai que salientar a súa novela *A morte de Frank González* (1975), intento de novela do Oeste americano en galego.

2. OS OITENTA, A DÉCADA DA ESPERANZA E DO OPTIMISMO

Na década dos oitenta do pasado século o galego acada unha situación de normalización que, por imperfecta que sexa, supón unha clara mellora: o Estatuto de Autonomía de 1981 establece a cooficialidade de galego e castelán, o galego entra a formar parte do currículo escolar, fúndase Radio Televisión de Galicia. Promúlgase a Lei de Normalización Lingüística (1983) que recoñece no seu artigo 4.º o galego como lingua propia de Galicia, así como da súa Administración e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma; o artigo 12 desta lei sinala tamén que o galego é lingua oficial en todos os niveis do ensino.

Xorden así mesmo nesta década asociacións para a defensa do galego e da súa normalización coma a Mesa para a Normalización Lingüística, Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, Asociación Soci-Pedagóxica Galega, etc.

O estudo da lingua tamén progresa nestes anos e en 1982 a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega publican as *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*, que son proclamadas como oficiais pola xa citada Lei de Normalización Lingüística. Malia o rexeitamento que sufriron por parte de certos grupos, especialmente da chamada normativa de mínimos, chegouse definitivamente a unha Normativa de Concordia en 2003.

Como consecuencia destes cambios a literatura pode abandonar a loita contra a diglosia castelán-galego, pois xa hai institucións públicas e privadas que se ocupan disto. Por outra banda, dígase o que se diga, a introdución da lingua e da literatura como materias de estudo no currículo escolar obrigatorio van dando lugar á creación dun público lector en galego, que explican éxitos editoriais coma o de Rivas ou mesmo as reedicións sucesivas de distintas novelas galegas.

Xorden tamén revistas literarias como *Dorna*, *Escrita*, *Nó*, *Luzes de Galicia*, *Coordenadas*, *La Naval*, *Tintimán*, *Ólshos*... Os xornais e revistas galegos in-

forman sobre a narrativa (*A Nosa Terra, Faro de Vigo, La Voz de Galicia...*), e mesmo nos seus suplementos culturais aparecen referencias a novelas galegas.

Nestes anos oitenta xorden ou consolídanse editoriais coma Xerais, Espiral Maior, Sotelo Blanco, etc. Mesmo as editoriais de ámbito estatal comezan a publicar en galego, especialmente polo atractivo do mercado escolar. Proliferan os premios literarios coma o Xerais, Blanco Amor, Barco de Vapor, etc.

Fixémonos en que en 1973 se publicaron 53 títulos diferentes en galego. Tras este desenvolvemento da década dos oitenta e primeiros anos dos noventa, en 1997 publicában libros en galego 69 editoriais, que deron ao prelo 1 233 títulos diferentes. Reparemos que este ano publicáronse 6 856 títulos diferentes en catalán e 1 060, en vasco.

2.1. A narrativa dos oitenta: riqueza e variedade

O máis característico da narrativa dos oitenta é a súa riqueza e a súa variedade. Na narrativa galega desta década aparecen practicamente todos os xéneros: novela histórica, novela testemuño, novela psicolóxica, novela policial, etc.

Por outra banda, conviven nesta década e publican obras autores que van desde a chamada xeración de 1936, retornados de América ou narradores nados ao longo da década dos cincuenta.

2.1.1. A achega dos veteranos

Un membro tan característico da xeración do 36 como é Ricardo Carballo Calero (1910-1990) ofrece en *Scorpio* (1986) unha reconstrución do período da II República en Galicia, a etapa do Seminario de Estudos Galegos e a guerra civil, desde unha perspectiva eminentemente autobiográfica.

Neira Vilas (1928), retornado do exilio-emigración americano, publica *Querido Tomás* (1980). A novela é un prodixioso documento social sobre a Galicia de posguerra, pero tamén un grande exercicio de utilización do monólogo interior, posto que esta narración é un longo monólogo dunha mestra que vai reconstruíndo a súa vida e o seu amor por Tomás, que se verá destruído pola emigración.

Os membros da chamada Nova Narrativa convértense nesta década en clásicos do relato galego contemporáneo. Xosé Luís Méndez Ferrín na colección de relatos breves *Crónica de nós* (1980) mestura a fantasía coa recreación de feitos históricos do galeguismo recente, na liña de mestura de fantasía e realidade tan característica de Ferrín. Na colección de narracións breves *Amor de Artur e nove contos con Tagen Ata ao lonxe* (1982) retoma o mundo artúrico que tan grato lle resulta; o primeiro dos relatos desta colección reconstrúe de xeito moi persoal o adulterio da raíña Xenebra, que Ferrín interpreta como un acto de amor a Artur. Nesta década Ferrín tamén publica a novela *Bretaña Esmeraldina* (1987), que presenta o mundo angustiante e absurdo do cárcere unido á represión política. Ferrín, nesta década, tocará tamén o relato xuvenil de aventuras e neste sentido

Arnoia, Arnoia (1987) é unha grande achega a narrativa xuvenil, aínda que isto non supón que sexa tamén unha obra para adultos.

Outro membro do grupo da Nova Narrativa, Carlos Casares, realiza así mesmo nesta década importantes achegas á narrativa galega. En *Ilustrísima* (1980) recrea a historia recente de Galicia a través do seu protagonista, un bispo de talante aberto e liberal que, nos comezos do século xx, nunha cidade que identificamos como Ourense, non se opón á instalación dun cine e recibe con espírito de apertura todas as novidades técnicas e intelectuais do novo século xx. Casares trata o tema da guerra civil en *Os mortos daquel verán* (1987) a través da reconstrución da morte dun boticario asasinado a comezos da guerra por medio de dez informes xudiciais, que presentan diferentes visións da morte do boticario, desde a oficial de morte por accidente á de asasinato por motivos de persecución política.

Camilo González Suárez-Llanos (1931) é outro dos membros destacados da Nova Narrativa. Nesta década vai publicar unha novela que, segundo algúns críticos é un dos logros máis salientables da novela galega da fin de século, *Cara a Times Square* (1980). Ambientada en Nova York, a novela presenta uns personaxes perdidos no absurdo e na soidade da gran cidade, na mellor liña da literatura do absurdo. Pero González Suárez-Llanos non esquece a realidade galega, incluso a que pode resultar máis conflitiva, e n' *A desfeita* (1983) dá a súa visión sobre a guerra civil nunha vila galega.

María Xosé Queizán (1939) é outro membro característico da Nova Narrativa. Publica nesta década *Amantia* (1984), novela histórica de grande orixinalidade, xa que recrea, desde unha perspectiva feminista e con personaxes principais femininos, a Galicia do Imperio romano e do priscilianismo.

O xa citado ao comezo deste artigo e tamén membro da Nova Narrativa X. Fernández Ferreiro continúa no seu empeño de crear unha narrativa galega popular e ata de quiosco. Nesta liña publica *A ceo aberto* (1981), novela que recrea a vida dun garda municipal galego do concello de Madrid que, desde a gran cidade, lembra a súa vida no campo galego. En *Corrupción e morte de Brigitte Bardot* (1981) amosa a vida dunha rapaza que vén desde Galicia a Madrid para triunfar como actriz e que remata asasinada tras pasar polo mundo da droga.

2.1.2. *Novos narradores*

Xa na segunda metade dos setenta, pero fundamentalmente ao longo da década dos oitenta vai aparecer un grupo de novos narradores que conforman, posiblemente, unha nova xeración dentro da literatura galega. Son escritores nados, aproximadamente, entre 1945 e 1960 e que tiveron, polo xeral, unha formación universitaria. Algúns deles déronse a coñecer, como xa vimos, no remate dos setenta, pero a súa eclosión vaise producir nesta década dos oitenta. O grupo caracterízase pola súa gran variedade: variedade de temas e técnicas e tamén variedade ideolóxica ou de actitudes ante a vida e a literatura. Temos que interpretar esta variedade como unha proba da madurez que acada a narrativa galega na década dos oitenta: nunca antes se publicaran tantas narracións en galego e tan diferentes.

A nova situación política que trae o Estado das Autonomías, a entrada do galego no ensino non universitario como materia obrigatoria ou a resonancia que adquiren premios coma o Xerais, Blanco Amor, Premio da Crítica Galega, etc., danlle ademais a esta narrativa unha visibilidade da que antes carecera. Mesmo, afeitos ás tiraxes de preguerra de arredor de 500 exemplares da editorial Nós (Vázquez Sousa, 2003), podemos falar do fenómeno do best-seller na literatura galega. Así a primeira novela policial galega e primeiro premio Xerais, *Crime en Compostela*, de Reigosa, vendeu ao longo de oito anos 27 056 exemplares en sete anos (González Millán, 1994: 76). Xa na década dos noventa Manuel Rivas consegue vender de *O lapis do carpinteiro* (1998) en poucos meses 35 000 exemplares e afirmase que nos comezos do século XXI superou os 60 000 exemplares vendidos.

Xa que logo os oitenta foron unha década de optimismo e reafirmación da narrativa galega, como en xeral de todos os xéneros.

Entre as novas voces que se incorporan á narrativa galega cómpre citar a Xoán Fernández Villar (1936) que, malia ter máis idade ca o resto dos integrantes deste grupo, comeza a publicar nas mesmas datas ca estes. A súa novela histórica *Un home de Vilameán: anatomía dunha revolución* (1976) recrea a sublevación irmandiña e convértese nun grande éxito da novela histórica e comprometida, así como un exemplo do interese nestes anos por recuperar o pasado de Galicia, que a educación franquista lles mantivera agochado aos galegos. En *No ano do cometa* (1986) recrea a segunda metade do século XI, especialmente a Galicia do Camiño de Santiago e tamén a Inglaterra da batalla de Hastings.

Alfredo Conde (1945) dérase a coñecer xa na década dos setenta, pero acadada agora a súa madurez. *Breixo* (1981) e *Memoria de Noa* (1984) son dúas novelas de introspección psicolóxica, que retratan perfectamente a mentalidade dos homes e mulleres maduros pero aínda novos e con inquietudes da década dos oitenta. A consagración de Conde producírase con *Xa vai o griffon no vento* (1984), que acadará o Premio Nacional de Literatura. Este éxito de Conde atrae a atención de fóra de Galicia cara ao desenvolvemento que vive nesta década dos oitenta a novela galega e abre o camiño para a tradución na década dos noventa e na actualidade de narradores galegos como Rivas ou Suso de Toro. *Xa vai o griffon no vento* é unha ambiciosa novela que mestura o intelectualismo, a reconstrución histórica e a análise psicolóxica, pois xira arredor de dous personaxes e dous tempos diferentes: un profesor e escritor actual e un visitador do Santo Oficio do século XVI; non obstante, ambos os dous, personaxes intelectuais e ricos, encarnan a liberdade intelectual en épocas ben diferentes.

Xavier Alcalá (1947) acada un dos éxitos editoriais da década cunha novela de aprendizaxe de ambiente adolescente e estudiantil, que foi lida por centos de alumnos de ensino secundario da década dos oitenta e mesmo dos noventa: *A nosa cinza* (1980). Este mesmo ano tamén publica *Fábula*, novela en que se mesturan os tempos da transición política cos da guerra civil. En *Nos pagos de Huinca Loo* (1984) achégase ao tema da emigración galega á Arxentina. En *Ter-túlia* (1985) retrata a vida literaria do momento desde unha perspectiva crítica.

Víctor Fernández Freixanes (1951) consegue c' *O triángulo inscrito na circunferencia* (1981) un dos grandes éxitos da novela galega dos derradeiros vin-

te anos do século xx, tanto de crítica como de público. A novela transcorre cara a 1829 e enfronta unha Compostela, símbolo do absolutismo, coa cidade mítica e mariñeira de Vilanova de Alba, símbolo pola súa banda do liberalismo e do progreso, representados especialmente pola familia de navegantes dos Mariño. Sen dúbida debe moito esta novela, tanto temática coma estilisticamente, a *La sagalfuga de J.B.*, de Gonzalo Torrente Ballester. En *O enxoval da noiva* (1988), Freixanes recrea a Italia renacentista do papa Borgia.

Carlos G. Reigosa (1948) inaugura con *Crime en Compostela* (1984) a novela policial galega. Esta novela ademais recibiu o primeiro premio Xerais. Suscitou unha gran polémica tanto a novela en si, como a aclimatación do xénero da novela policial ao ámbito cultural galego. O certo é que a novela foi un dos primeiros best-seller da literatura galega contemporánea, como xa sinalamos máis enriba. Neste momento (abril de 2005) anda na rúa a súa 14.^a edición. O xénero iniciado por Reigosa converterase nun dos máis tocados e de máis éxito na narrativa galega actual, mesmo no ámbito da literatura xuvenil (véxase nesta mesma revista o artigo de Héitor Mera Herbello sobre a narrativa xuvenil galega actual). O detective de Crime en Compostela, Nivardo Castro, e o seu amigo o xornalista Carlos Conde, son personaxes xa clásicos na novela galega. A novela de Reigosa, xornalista de profesión, non se queda na novela policial, senón que é tamén novela reportaxe sobre a nova realidade galega e nalgúns ocasións bordea a novela ensaio, cando tenta analizar a situación política da nova Galicia do Estado das autonomías. Os mesmos personaxes repárecen nas outras novelas do que xa podemos denominar saga de Nivardo Castro-Carlos Conde: *O misterio do barco perdido* (1988), *A guerra do tabaco* (1996), *Narcos* (2001).

Darío Xohán Cabana (1947) recrea o mundo artúrico, de tanta tradición na literatura galega, en *Galván en Saor* (1989). O cabaleiro da Mesa Redonda, coma o Merlín cunqueireano, vive agora nunha pensión luguesa e sae á procura de aventuras nunha moto.

Realizan unha introspección de tipo psicolóxico, a partir da análise do sentimento do amor, Úrsula Heinze en *O soño perdido* de Elvira M. (1982) e Marina Mayoral en *O reloxo na torre* (1983).

Martínez Oca (1942) consegue o prestixioso premio Blanco Amor, que supón a súa consagración, con *Beiramar* (1983). Esta novela mestura a reivindicación social e sindical duns estaleiros ameazados polo pechamento empresarial coas historias fantásticas dos míticos seres humanoides poboadores dos fondos mariños.

Miguel Suárez Abel (1952) acadou un grande éxito de público cunha novela que mestura as técnicas da novela policial e da novela reportaxe, así como seguidora da liña aberta por Reigosa, *Turbo* (1988). *Turbo* explora o mundo do narcotráfico galego.

Podemos incluír neste grupo xeracional, aínda que sexan dos máis novos, os dous narradores que hoxe teñen maior difusión, xa non só en Galicia, senón mesmo fóra de Galicia e que son amplamente traducidos ao castelán e mesmo a outras linguas: Suso de Toro (1955) e Manuel Rivas (1957). Suso de Toro publica

na década dos oitenta obras como *Caixón desastre* (1983), *Polaroid* ou *Land-Rover* (1988). A colección de relatos breves *Un millón de vacas* (1989) supón o primeiro grande éxito de vendas de Manuel Rivas. Nestas narracións citadas de Suso de Toro e Manuel Rivas aparecen xa notas que a crítica lles atribuirá na década dos noventa a estes dous narradores e que explican o seu éxito, mesmo fóra de Galicia: característica mestura entre rural e urbano, tradición e modernidade, innovación globalizadora e atraso rural, presentación do cambio que sofre Galicia nos derradeiros anos do século XX coa irrupción da cidade no campo e do rural na cidade, a sátira, a tenrura, o humorismo ou as pegadas do realismo sucio e da chamada world fiction, entre nós a chamada literatura traducible de Basilio Losada (VV. AA., 1999: 17-19).

2.1.3. Conclusión valorativa

Polo visto, a narrativa galega dos oitenta caracterízase, xa que logo, pola súa vitalidade, riqueza e mesmo existencia dun público lector coma nunca se tivo. Na narrativa galega dos oitenta non falta ningún dos xéneros nin técnicas características do noso contorno cultural. Nada queda xa da pantasma do ruralismo e costumismo que se lles apoñía aos narradores do Rexurdimento. O intelectualismo, atribuído aos narradores da xeración Nós ou mesmo aos da Nova Narrativa, segue a existir na narrativa galega dos oitenta, pois a preocupación formal ou mesmo a irrupción do intelectualismo ensaístico na novela son características da novela moderna; non obstante, existen tamén xéneros máis pensados para un público popular como poden ser a novela policial, a novela histórica, a novela xuvenil, en definitiva a de puro entretemento. Mesmo non falta, segundo algunha crítica, a chamada world fiction, que está moi ben representada polas obras de Rivas e Suso de Toro; de aí o éxito das traducións destes autores ao castelán e mesmo a outros idiomas.

Xa que logo nos oitenta a novela policial convive coa histórica ou coa culturalista; a realista tradicional comparte éxito e lectores coas que ensaian innovacións formais; aparecen incluso xéneros narrativos coma a novela de ciencia ficción (*No comezo dunha nova historia da humanidade* —1982—, de Tucho Calvo, ou *Reportaxe cósmica* —1984—, de Fernández Ferreiro). Parecía que se abría un camiño de optimismo cara aos noventa, pero as cousas non son tan sinxelas como parecen e como tentaremos demostrar no apartado seguinte.

3. A DÉCADA DOS NOVENTA: LUCES E SOMBRAS

Tras o visto na década dos oitenta, parece que a narrativa, así como a literatura e lingua galega, ían entrar nunha etapa de normalización coma nunca antes se coñecera. Por fin, segundo algúns, iamos estar ou estabamos ante un sistema literario consolidado coa súa crítica pertinente —xornalística e académica—, produción en todos os xéneros, estabilidade e consolidación dun público lector, etc. Mesmo así o cren e afirman algúns analistas da lingua e literatura galegas, especialmente os ligados ao sector da cultura oficial. Non obstante, os feitos non son tan claros.

Certo é que dos 53 títulos en galego do ano 1973 se pasou aos 354 do ano 1987 ou aos 1 233 de 1 997. No 2 003 seica se acadaron os 1 828 títulos diferentes publicados en galego. Xa vimos a aparición do fenómeno do best-seller na literatura galega e xa aludimos ás traducións ao castelán e a outras linguas. Fálase dunha tiraxe media de 2 000 exemplares e un prezo medio por libro que, cara ao remate da década dos noventa, andaba polas 1 500 pesetas ou anda agora polos 15 euros. Sinálase así mesmo, que hai un público lector galego estable, ao que non é alleo o estudo da lingua e literatura galegas como materias obrigatorias no currículo escolar obrigatorio.

Non obstante hai que subliñar algúns datos que, segundo avanzaba a década dos noventa, facían baixar o optimismo inicial. Realmente o libro galego só representa o 13% do mercado de libros que se venden en Galicia. É un libro en gran medida dependente do ensino. Dos 1 233 títulos publicados en 1997, 402 eran de material destinado ao ensino e 287 de literatura infantil-xuvenil. Só 215 eran de creación literaria. Por outra banda, a presenza do libro científico e técnico en galego e case inexistente. Hai que sinalar tamén que unha parte importante de libros publicados en galego corren á conta de institucións públicas coma a propia Xunta de Galicia, universidades, concellos, etc., de xeito que nin tan sequera se distribúen nin comercializan e que ata se regalan e non se sabe moi ben que facer con eles, como ben sinala Barreiro Rivas (Barreiro, 2004). Tampouco debemos esquecer que moitos destes libros reciben unha subvención da Xunta de Galicia para protexer a edición de libros en galego coa única esixencia de que se axusten á chamada normativa oficial da Real Academia Galega-Instituto da Lingua Galega. Se a iso engadimos que, dunha tiraxe de 2 000, se mercan para bibliotecas públicas e institucións similares tamén exemplares, decatáronos que a edición galega depende en gran parte da subvención, o que certamente é unha mágoa para o desenvolvemento dunha literatura realmente libre e competitiva no mercado (Barreiro Rivas, 2004). Nesta liña sinalamos que o 56% dos libros publicados en Galicia en 1997 foron destinados ao consumo escolar e que o 87% dos libros publicados son primeira edición.

Por outra banda, o Mapa Sociolingüístico de Galicia da Real Academia Galega publicado ao longo da década dos noventa ofrece uns datos que non son alentadores nin para o galego nin para a literatura en galego. Só un 56% dos galegos usan o galego como lingua habitual no traballo; ademais o galego segue a ser a lingua propia do agro, pero non das cidades: no agro, un 87,2% da poboación é falante habitual do galego, porcentaxe que descende nas vilas ao 65,4% e nas cidades a un 42,7%. Ademais o citado estudo engade que xa só un 43% dos nenos galegos aprenden o galego por transmisión interxeracional no seo da familia, o que resulta moi grave para a pervivencia do galego. Algúns sitúan xa esta porcentaxe da transmisión interxeracional do galego no seo da familia só nun 30%. Sabido é que a partir desta porcentaxe do 30% pode anunciarse a desaparición dunha lingua. Tamén, no hábitat urbano, parece ser que a lingua inicial dos menores de 20 anos é o castelán nunha porcentaxe do 65%.

Datos posteriores elaborados por outras institucións veñen confirmar estes datos negativos sobre o emprego do galego, que loxicamente inciden nunha diminución dos lectores en galego. Un informe da UNESCO de febreiro de 2002 alerta sobre a posible desaparición do galego e vasco. Un informe da

Asociación Socio-Pedagóxica Galega e da Comunidade Europea indica que só o 17% de rapaces da ESO (Educación Secundaria Obrigatoria) usa habitualmente o galego, mentres que o 72% emprega o castelán.

No ensino a situación do galego non é tampouco demasiado boa. No ensino non universitario só un 22,3% do profesorado usa o galego como lingua habitual no medio urbano; esta porcentaxe ascende ao 37,6% no ámbito rural. No ensino universitario só un 16% usa o galego como lingua habitual. Mesmo son habituais as denuncias da Mesa pola Normalización Lingüística polo incumprimento de moitos centros á hora de impartir en galego as materias que esixe que se impartan nesta lingua a lei de 1995, sen faltar tampouco as denuncias á inspección e administración educativas, que non fan cumprir efectivamente esta lexislación.

Esta situación levou neste ano de 2005 á presentación dun novo plan de normalización lingüística que tenta frear esta desgaleguización galopante e que foi consensuado no Parlamento galego por todos os partidos políticos. A falta de orzamento para levalo a cabo e a pouca vontade política das autoridades lingüísticas e políticas actuais fainos ser de novo pesimistas sobre a efectividade deste novo plan.

Neste ambiente desfavorable para o galego, dígase o que se diga por parte da lingüística oficial, axiña apareceron as voces que falan de crise no sector do libro, tras a esperanza esfarelada dos anos oitenta.

Son de salientar as distintas intervencións sobre a situación do libro galego que vén a luz na prensa nestes tres últimos anos debidas ao presidente da Asociación de Editores Galegos e poeta Miguel Anxo Fernán Vello. Fernán Vello, director dunha das máis importantes editoriais galegas, anunciou en agosto de 2003 as dificultades que viña pasando a súa editorial e en xeral as editoriais galegas pola baixa venda de libros motivada pola falta de lectores e compradores do libro galego, debida ao fracaso do ensino, que actúa como importante fonte desgaleguizadora, a política pública de bibliotecas que non merca libros en galego para estes centros públicos de lectura, ás librarías que non expoñen o libro galego e que o fan realmente invisible ou tamén aos propios medios de comunicación galegos, que lle prestan moi pouca atención ao libro en galego.

Así, o responsable dunha das editoriais galegas máis importantes, declaraba na prensa en 2002 que o índice de lectura en galego era do 18%, cando en catalán acadara o 25%.

Así, pois, ao optimismo dos oitenta sucede a preocupación dos noventa e dos comezos do novo milenio e moitos somos os que non saberíamos como responder esta pregunta: ¿Cal sería realmente a situación da literatura galega e da publicación de libros se non estivese apoiada polas subvencións e polo ensino, que impón determinadas obras de forma obrigatoria aos escolares?

De todos os xeitos, para a salvación do galego e da súa literatura, especialmente entre os máis novos, cómpre emprender de forma decisiva o novo plan de normalización lingüística, facer que a normativa sobre o ensino de determinadas materias en galego se cumpra efectivamente, aumentar o número das materias que se imparten en galego polo menos ao 50%, que se promulgue e aplique can-

to antes a anunciada nova lei do libro e que a sociedade galega se comprometa a seguir as directrices que está a marcar a Asociación Galega de Editores, dirixida nesta nova etapa por un profesional non só da edición, senón tamén da literatura, Miguel Anxo Fernán Vello.

3.1. A narrativa plural dos noventa

A narrativa dos noventa continúa baixo o signo da pluralidade, tanto temática como xeracional. Xunto coas promocións e xeracións xa coñecidas, que seguen a publicar nesta década, incorpóranse na final do xx novos escritores galegos, nados ao longo da década dos sesenta e dos setenta, que fan agora as súas primeiras armas na narrativa e que aseguran a súa pervivencia no novo milenio.

3.1.1. A achega dos consagrados

Os narradores máis veteranos, coma Neira Vilas, continúan coa súa produción nesta década. Así Neira Vilas publica *O home de pau*, colección de quince relatos breves unidos tematicamente pola presentación da vida artificial que, segundo o autor, leva o home actual na cidade e esquecido da natureza.

A xeración da Nova Narrativa continúa coa súa obra fundamental para a literatura galega nesta década. Méndez Ferrín publica a colección de relatos breves *Arraianos* (1991). Situados espacialmente na fronteira con Portugal, coa súa habitual mestría técnica e lingüística, mestura neles a realidade coa fantasía. Moi importante é tamén a súa novela *No ventre do silencio* (1999), que acadou o primeiro Premio de Narrativa Eixo Atlántico, en que, con grande habelencia técnica, recrea o Santiago dos anos cincuenta, o da xeración das Festas Minervais, á que pertence o propio Ferrín. Como expresión da continuidade do seu labor, o propio Méndez Ferrín sinala que esta novela debe considerarse coma a terceira dunha triloxía, das que as dúas primeiras entregas son as xa citadas e analizadas *Antón e os inocentes* (1976) e *Bretaña, Esmeraldina* (1987).

Carlos Casares ofrece outra das grandes novelas desta década: *Deus sentado nun sillón azul* (1996). Nesta novela, Casares reconstrúe, dentro do seu humanismo escéptico e tolerante, os tempos da república, a guerra civil e a inmediata posguerra, a través da peripecia intelectual, persoal e política dun protagonista intelectual, en quen algúns críticos viron reflectidos aspectos e actitudes da vida de Vicente Risco.

Fernández Ferreiro consegue un grande éxito de crítica e público con *Agosto de 1936* (1991), novela que volve tratar o tema da guerra civil e na que a loita política se mestura coas paixóns amorosas.

María Xosé Queizán profunda no que poderíamos chamar novela feminista. En *Amor de tango* (1992) recrea o Vigo da II República e da posguerra desde unha perspectiva feminina. *O solpor da cupletista* (1998) é unha evocación da célebre cupletista pontevedresa a Bela Otero; por fin en *Ten o seu punto a fresca rosa* (2000) presenta unha historia urbana centrada no Vigo actual cuxas pro-

tagonistas son mulleres de distintas xeracións e niveis sociais e onde non faltan tampouco ás referencias ao pasado franquista e a constitución dos movementos proletarios no tardofranquismo vigués.

Os escritores que chamamos da promoción ou xeración dos oitenta ou grupo do setenta-oitenta (Rodríguez Alonso 2002) continúan o seu labor nesta década e confirman a súa valía literaria. Alfredo Conde inicia coa novela *Sempre me matan* (1995) a súa saga sobre a emigración galega dos cincuenta e sesenta a Venezuela, que continúa en *O fácil que é matar* (1998). Estas novelas presentan a familia emigrante dos Carou, que se enriquecen na emigración venezolana e viven a cabalo entre Venezuela e Galicia, para atenderen os seus negocios nestes dous lugares. Anxo Rei Ballesteros continúa na liña experimental que xa lle coñecemos desde a súa primeira novela, citada en apartados anteriores, e ofrece nesta década unha extraordinaria novela desde o punto de vista dos procedementos formais: *Loira* (1992).

Alfonso Álvarez Cáccamo cultiva unha novela humorística, satírica e ata es-
perpéntica de indubidable encanto da que é un bo exemplo *As baleas de Eduardo Reinoso* (1990). V. Fernández Freixanes publica nesta década *A cidade dos césares* (1993), novela histórica que presenta a emigración galega a América, á Patagonia, durante o reinado de Carlos III. Mesmo poetas da chamada xeración poética dos oitenta tentan agora a narrativa. É o caso de Ramiro Fonte que n' *Os leopardos da lúa* (1993) entrega unha novela de aprendizaxe que mestura o policial e o lirismo para presentar a vida dos estudantes composteláns do final do franquismo e da transición. A novela pretende ser un retrato da xeración do escritor.

Carlos G. Reigosa dános novas entregas das aventuras do seu detective Nivardo Castro en *A guerra do tabaco* (1996) e *Narcos* (2001).

X. Rábade Páredes cultiva a novela histórica en *Branca de Loboso* (1992), reconstrución da Galicia do XVII a través dunha historia de bruxas e Inquisición.

Xavier Alcalá continúa coa súa produción que o converte nun dos autores mellores da xeración dos setenta-oitenta. *Latitude austral* (1991) é unha colección de relatos breves que presenta a aventura da exploración de América polos galegos. En *Cárcere verde* (1990) ofrece unha novela de aventuras interesantísima que se desenvolve no ambiente asfixiante da xungla americana. Por fin, en *Alén da desventura* (1998) toca o pau da novela histórica, xa que a sitúa no derradeiro terzo do século XVII.

M. Martínez Oca publica agora *Diario de inverno* (1994), novela en que utilizando a técnica do manuscrito encontrado vai descubrindo o proceso de namoramento dun esquizofrénico.

Tamén é fértil esta década para Darío Xohán Cabana. En *Fortunato de Trasmundi* (1990) mestura realidade e fantasía, campo e cidade, humor e meditación. *O cervo na torre* (1994) reconstrúe a intrahistoria de Galicia nunha atinada mestura de realidade e ficción. En *Cándido Branco e o Cabaleiro Negro* (1992) retoma o mundo dos libros de cabalarías. Toca tamén o xénero da novela histórica en *Morte de rei*, en que con grande erudición reconstrúe a vida do último rei de Galicia, o mítico don García.

María Gándara cultiva a novela histórica en *Magog* (1997), que nos ofrece a nenez galega do que será o emperador Afonso VII e o ambiente de intrigas e loitas en que se desenvolve esta nenez. Úrsula Heinze achégase á paixón amorosa e á angustia que produce a enfermidade e a inminencia da morte en *Culpable de asasinato* (1993).

Ademais, a década dos noventa vai supoñer a consagración en Galicia, e incluso fóra de Galicia, de dous dos narradores que se deran a coñecer na década anterior: Manuel Rivas e Suso de Toro. Rivas obtén un grande éxito de público e crítica coa colección de relatos breves *Que me queres amor* (1995), en que destaca o conto «A lingua das bolboretas», que presenta o retrato e a peripecia vital dun extraordinario mestre dos tempos da II República. En *O lapis do carpinteiro* (1998) preséntanos unha historia de amor ambientada nos duros tempos da Guerra Civil e da dura represión que supón. Outras obras de Rivas como *Os comedores de patacas*, *Ela maldita alma*, *A man dos paños* son éxitos de vendas e de público desde o momento que saen e pode dicirse que é un autor que conta cun público fiel. Mesmo as traducións dalgunhas destas obras ao castelán ocupan os primeiros postos das listaxes de vendas no ámbito español.

Suso de Toro emprega unha novidosa técnica vangardista en *Tic-tac* (1993), sinalada unanimemente pola crítica como unha das mellores novelas galegas da fin do milenio e que converte o seu protagonista Nano nunha figura familiar e entrañable para todos os lectores. Nano é un marxinado social, que, dende a súa posición periférica á sociedade actual, amosa unha extraordinaria lucidez para analizar os problemas do noso tempo. *Círculo*, *Calzados Lola ou Non volvas* son outras novelas que Suso de Toro publica nesta década e que amosan a Suso de Toro como un dos grandes valores consolidados da narrativa galega. Igual que pasa con Rivas, a súa mestura entre realismo e fantasía, mundo rural e mundo urbano, tradición e modernidade, lirismo e realismo sucio convérteno nun valor seguro da actual literatura galega e nunha extraordinaria testemuña da Galicia do cambio de milenio.

3.1.2. A promoción ou xeración dos noventa

Na década dos noventa incorpórase á narrativa galega un novo grupo de escritores. A maioría deles, igual ca os poetas que tamén se dan a coñecer nos noventa, naceron nas décadas dos sesenta e setenta, teñen formación universitaria e xa se aproveitaron do ensino do galego como materia en colexios, institutos e universidades. Aínda que maiores en idade, temos que situar neste grupo a Marilar Aleixandre (1947) e Bieito Iglesias (1957) porque se dan a coñecer nestes anos. Marilar Aleixandre manexa con mestría a intriga e o ritmo narrativo en *Tránsito dos gramáticos* (1993), como ocorre tamén en *A compañía clandestina de contrapublicidade*, acertada mestura de técnicas de novela negra, novela reportaxe, novela de humor e crítica ecoloxista. A súa *A expedición do Pacífico* (1994) é unha extraordinaria novela de aventuras, moi do gusto dos lectores máis novos. Bieito Iglesias realiza na colección de relatos breves *Miss Ourense* unha extraordinaria interpretación do Ourense dos anos sesenta e comezos dos setenta con técnicas moitas veces tomadas da novela negra. A súa traxectoria com-

plétase con *Vento de seda* (1993), especie de memoria da súa propia xeración, e *O mellor francés de Barcelona* (1999), novela en que os motivos do sexo, da violencia e da loita polo poder toman unha grande importancia.

Fran Alonso (1963) ofrece en *Tráiler* (1993) unha novela reportaxe sobre a vida dos camioneiros e reflicte a tensión modernidade-tradición que se dá na sociedade galega actual. Xurxo Borrazás (1963) toca a novela negra con *Criminal* (1994) e mestura aventura con reflexión intelectual e metaliteratura en *Eu é* (1996).

Xosé Carlos Caneiro (1963) busca unha novela de calidade, afastada do éxito fácil e que non se fixe só nos resultados do mercado, o que o converte nun dos novelistas máis interesantes e tamén polémicos do actual panorama literario galego. Compre destacar as súas achegas nesta década: *O infortunio da soidade*, *Un xogo de apócrifos*, *Os séculos de lúa e Ébora*.

Xosé Cid Cabido critica o sistema capitalista na súa novela de intención social *Panificadora* (1991) e presenta o absurdo do mundo actual, coa técnica por el denominada evidencialismo, no interesante *Grupo Abeliano* (1999).

Xosé Miranda (1955) tamén se dá a coñecer nesta década. *A súa Historia dun paraugas azul* (1991) renova a novela histórica coa súa mestura, dun xeito moi cunqueiraiano, de realidade e fantasía. *Morning Star* (1998) combina a técnica da novela de aventuras, a novela histórica e sentimental para presentarnos as aventuras dun rapaz no medio dun fato de bandoleiros no ambiente da revolución de 1846.

Antón Riveiro Coello logra un éxito de público e de crítica coa intelectual *A quinta de Saler* (1999) e tamén con *As regras de Bakunin* (1999), viaxe polo XIX guiados polo seu protagonista anarquista.

Anxo Angueira (1961) presenta en *Pensa nao* como se viven os cambios da II República nunha aldea galega: a emigración, o agrarismo, as sociedades sindicais campesiñas, etc., aparecen retratada a carón dunha historia de amor; a novela remata coa rebelión do 36 e as súas consecuencias para esta comunidade rural.

Ramón Caride Ogando (1957) decántase pola ciencia ficción e en *Sónos eléctricos* (1992) ofrécenos un mundo futuro deshumanizado, cruel e robotizado. Aníbal Malvar cultiva a novela negra e consegue un gran resultado con este tipo de novela en *Unha noite con Carla* (1995). Xosé Manteiga amosa a forte influencia do cine en *Manancial* (1997), unha historia en que o absurdo e a violencia ocupan un gran lugar. Xaveir Queipo ofrece en *Ringside* once relatos breves caracterizados polo universalismo, xa que transcorren en lugares e tempos totalmente diferentes. Manuel Seixas dános en *A velocidade do frío* (1996) a soidade e o desamparo do home contemporáneo. A esta lista pódense engadir nomes xa tan prestixiosos como os de Manuel Darriba, Gonzalo Navaza, Núñez Singala, María do Campo, Camilo Franco, Santiago Jaureguizar, Miguel Anxo Murado, Paulino Pereiro, Xurxo Souto, Xelís de Toro e outros, dos que non podemos ocuparnos aquí por falta de espazo.

3.1.3. Conclusión

Polo visto a narrativa galega no remate dos noventa e ante o novo milenio presenta unha boa saúde en canto a número e calidade de autores e obras. Conviven no traballo membros de distintas xeracións. Mostra do que dicimos é a clasificación que se ofrece dos distintos xéneros literarios nunha recente historia da literatura galega dedicada ao século xx (VV. AA., 2001: 386-388): ciencia ficción, narrativa erótica, novela policial, novela negra, novela humorística, novela histórica, novela fantástica e marabillosa, novela lírica, novela urbana, novela experimental, realismo sucio, evidencialismo, narrativa posmoderna e narrativa bravú.

Non obstante, as ameazas non proveñen da literatura en si mesma, senón da situación de perigo en que se desenvolve a lingua galega, especialmente pola perda de falantes entre os máis novos e nos ámbitos urbanos. Esperemos que o citado Plan de Normalización Lingüística sexa un éxito como tamén as medidas de incitación á lectura en galego que propón a Asociación de Editores, por citar dous exemplos entre os diferentes grupos sociais que hoxe loitan polo galego: AS-PG, Mesa pola Normalización Lingüística, etc.

Por outra banda, está a observarse nos últimos tempos na literatura galega a aparición dunha crítica máis desinhibida ca a académica ou tradicional xornalística, que nunca ofrecía críticas negativas ou que simplemente só as ofrecía positivas e calaba as negativas. As polémicas entre escritores, críticos, críticos-escritores son un sinal de vitalidade e por iso reproducimos noutro lugar desta revista a polémica Caneiro-Jaureguizar-Eyré. Tamén é de citar o éxito e polémicas que está a suscitar a crítica realizada en medios dixitais, como ocorre co Cartafol de Libros de Vieiros (www.vieiros.com).

Cómpre sinalar así mesmo o éxito que está a ter a literatura infantil e xuvenil galega, que ata a converte en sector punteiro na industria editorial de ámbito estatal. O documentado artigo sobre o tema de Héitor Mera Herbello, que incluímos nesta revista, exímenos de tratar este aspecto.

Esperemos que o novo milenio, sexa, malia todos os atrancos, tan positivo para a narrativa galega como foi o período 1975-2000, pois neste vinte e cinco anos publicáronse máis libros e hai máis autores ca en toda a historia anterior do galego, desde a Idade Media ata 1975.

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ, Manuela (2001): «Aproximación á novela histórica na novela galega. A Idade Media como tema», *Revista de linguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, VII, 131-141.
- BARREIRO RIVAS, X. L. (2004): *A terra quere pobo*, Vigo, Galaxia.
- GASPAR, Silvia (1998): «A narrativa (1975-1997)», *Revista de linguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, V, 249-263.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, X. (1991): *Silencio, parodia e subversión. Cinco ensaios sobre narrativa galega contemporánea*, Vigo, Xerais.

- GONZÁLEZ-MILLÁN, X. (1994): *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*, Vigo, Xerais.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, X. (1996): *A narrativa galega actual (1975-1984). Unha historia social*, Vigo, Xerais.
- LOUZAQ, Miguel (2001): «Unha ollada á narrativa dos noventa», *Revista de linguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, VII, 263-283.
- RODRÍGUEZ ALONSO, M. (2002): *Historia de la literatura gallega*, Madrid, Acento Editorial.
- VILAVEDRA, Dolores (2000): *Sobre narrativa galega contemporánea*, Vigo, Galaxia.
- VV. AA. (1999): «Veinticinco años de literatura gallega». *Ínsula*, núm. 629.
- VV. AA. (1995-2003): *Diccionario da literatura galega*, Vigo, Galaxia, 4 vols.
- VV. AA. (2001): *Literatura Galega Século xx*, Vigo, Edicions A Nosa Terra.